

SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE DICIEMBRE DE 2009

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día 29 de decembro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLANARIAS CELEBRADAS EN DATAS DE 28 DE AGOSTO DE 2009 E 30 DE OUTUBRO DE 2009.

Ponse de manifesto ós membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 28 de agosto e 30 de outubro de 2009, cuxas copia se remitiron aos Concelleiros adxuntas a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLO PSG-PSOE CON NÚMEROS DE REXISTRO DE ENTRADA 4534 E 4535, DE 23 DE DICIEMBRE DE 2009.

Moción con número de rexistro de entrada 4534:

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, da moción con número de rexistro de entrada 4534, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda Dl:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN:

A situación na que se atopan a meirande parte das fontes no noso Concello e preocupante, debido ó seu estado de abandono e esquecemento das mesmas.

As fontes non deixan de ser un recurso hídrico e natural existente no Concello. O estado actual de moitas delas e de total abandono, estando invadidas pola maleza, e a súa estrutura sustentativa, a veces e casi inexistente e está moi deteriorada.

O seu abandono é tal, que en moitos casos pasan totalmente desapercibidas no medio onde se atopan, sendo absorvidas polo entorno que as rodea, carecendo dunha sinalización que las ubique de forma axeitada.

Todo elo co perigo que supón a súa desaparición, e o perigo público principalmente para os veciños e transeuntes.

Engadendolle asemade que non deixan de ser un acopio de auga, e unha riqueza do medio natural onde se atopan.

Por todo o anteriormente exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

A elaboración dun catálogo de fontes do Noso Concello, para evitar o seu esquecemento.

A sinalización das mesmas dunha forma clara e axeitada.

O arranxo de maneira urxente daquelas que se atopan nunha situación de abandono.”

Rematada a defensa da moción, intervén o voceiro do Grupo Municipal do BNG, que asegura que o seu grupo sempre apoiou toda proposta de conservación do patrimonio. Aínda máis, aquí se fala de elaborar un inventario de fontes, pero cree que deberían catalogarse os restantes elementos integrantes do patrimonio cultural do termo municipal.

Asemade, refrenda a existencia de numerosas fontes en deficiente estado de conservación, e apunta a conveniencia de facer análises periódicas da calidade das súas augas, para determinar a súa potabilidade.

Toma a palabra o sr. Alcalde, que asegura que as fontes que se utilizan están en bo estado de conservación. Outras fontes (que poden ser ou non municipais), e que non son necesarias ou non se usan polos veciños, poden non estar en tan boas condicións.

O concello veu arranxando varias fontes, sempre co compromiso dos veciños de que seren utilizadas, xa que os recursos son escasos e debe priorizarse o gasto en función da necesidade.

Sempre que os veciños queren que se arranxe unha fonte de titularidade municipal e dita fonte é efectivamente utilizada, o Concello a arranxou.

Con respecto a sinalización, informa que o Concello ten en marcha un plan de sinalización que, ademais de abranguer os núcleos e vías de comunicacións, preténdese que recolla a sinalización dos principais elementos culturais deste termo municipal (igrejas, torres...). o ritmo de execución deste plan subordínase a obtención de financiamento, polo que necesariamente terá carácter plurianual.

No relativo a conservación de algunhas fontes, insiste na necesidade de priorizar os limitados recursos públicos, e considera que deben empregarse antes, por poñer un exemplo, en levar a traída de auga potable as casas antes que a rehabilitar unha fonte. E esta obrigaón de priorizar e racionalizar o gasto público e moito máis necesaria, se cabe, nestes momentos de crise actual.

Insiste en que, si existe algunha fonte que é necesaria, que se utiliza e que se atopa en mal estado, o Concello a arranxará. E na medida en que os medios da administración o permitan, podería facerse un catálogo das fontes.

Asemade, está na mente do equipo de Goberno sinalizar debidamente os principais elementos patrimoniais municipais, na medida en que o plan de sinalización vaia acadando financiamento.

Polo tanto, propón ao grupo municipal do PSOE que modifiquen a moción, de xeito que o acordo se limite a elaboración dun catálogo de fontes, xa que os restantes puntos deben subordinarse a priorización das necesidades na asignación do gasto.

O voceiro do grupo municipal do PSOE celebra que o equipo de Goberno estea disposto a elaborar un catálogo das fontes, non obstante, o que non pode apoiar é que se evite pronunciar sobor a necesaria labor de cuidado e conservación, xa que, en algún caso, o estado de deterioro incluso supón un risco para as persoas.

Hai que facer un esforzo, máis que nada polo perigo que xenera o mal estado de conservación de algunha delas. Outra cousa distinta é a sinalización das fontes, que si que podería chegarse a un acordo sobor a súa inclusión nun plan de sinalización cuxa execución se adecúe a obtención de financiamento. Pero a recuperación das fontes é importante.

O sr. Pardo Lombao advirte que o gravísimo deterioro da situación económica trasládase, como non pode ser doutro xeito, ao concello. A participación nos tributos do Estado baixou alarmanamente, e a caída en tódolos sectores de actividade repercute nunha baixa da recadación municipal.

Con este panorama, débese ter moi claro cáles son os gastos que non se poden recortar: os servizos de recollida de lixo, de abastecemento e depuración de augas, servizos sociais.. etc.

Polo tanto, o recorte do gasto público ten que recaer en asuntos que non son tan importantes coma estes servizos. E o tema das fontes non o é.

Por iso propón limitar a moción a realización do catálogo, se ben indica que os membros do equipo de goberno coñecen a práctica totalidade das fontes e do seu estado. (pódese escapar algunha de titularidade privada).

Insiste no compromiso de arranxar as fontes que o necesiten e sempre que exista unha demanda de utilización dos veciños, e sempre que os veciños se comprometan a colaborar no seu mantemento. Agora ben, non pode comprometeres a arranxalas todas e sen que exista unha necesidade.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, queda rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos membros do Grupo Municipal do Partido Popular, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

Moción con número de rexistro de entrada 4535:

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, da moción con número de rexistro de entrada 4535, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 1111999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN:

A situación na que se atopan diversas vías de comunicación no noso Concello despois das recentes choivas, e preocupante.

Comprobouse que moitas vías de comunicación de elevado tráfico, teñen unha evacuación da auga insuficiente e deficitaria procedente dos terreos lindeiros, doutras vías de comunicación, ou de ambos.

Nalgunhos casos a cota da auga chega a superar con creces a do firme da vía, xenerando unha corrente de auga pola mesma, (tanto transversal como lonxitudinalmente) co conseguinte perigo, para os viandantes e o tráfico rodado. Todo elo sin nomear os deterioros estruturales, que a auga produce na propia vía, comprobándose o deterioro ata tal punto que a capa de rodadura desapareceu.

Todo esto segue a transcourir despois de que o noso grupo municipal fai xa mais dun ano, trouxera a este pleno unha moción de arranxo do sistema de evacuación das vías.

A todo elo, temos que engadir que o período invernal, está escomenzando.

Por todo o anteriormente exposto, propoño o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

A elaboración urxente dun plan que incorpore un informe sobre o estado dos viais do Concello, e os puntos críticos onde se atopan as deficiencias anteriormente sinaladas, coa finalidade de arranxar o sistema de evacuación de augas, no seu caso a cota do firme das vías, ou ambas.”

Rematada a defensa da moción, intervén o voceiro do Grupo Municipal do BNG, quen respalda toda labor de conservación e mellora das vías municipais.

No que atinxe aos problemas coas augas, sinala que en Bonxe coñece dous casos nos que, coas chuvias deste inverno, as escorrentías pasaban por riva do firme da estrada (coma a do Caxigal ou do Pabillón). Non coñece mais casos, se ben se deben a que se atopan nas rasantes das veigas e en terreos tradicionalmente inundables, polo que a solución pasaría por limpar as beiras do río e por elevar a cota do firme, sendo de difícil e custoso arranxo.

Polo que atinxe aos restantes puntos da moción, os respalda totalmente.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde, quen afirma quen ratifica o dito polo sr. Arcadio, e informa que o que se propón no texto da moción é o que ben facendo o Concello dende fai anos. Por iso non se explica porqué se presenta esta moción, a non ser que sexa por motivos puramente políticos.

Basta mirar un pouco para os concellos do carón para decatarse do bo estado xeral das vías municipais. O feito de que nun punto moi concreto se inunde un pouco un metro de estrada ante precipitacións de 100 l/m², non é un problema real.

Non se pode esquecer que estamos nunha zoa moi chá, e que naturalmente, ante situacións coma as dos días anteriores de precipitacións moi intensas, pode producirse algún caso illado de que se anegue algún tramo de vía.

Esta situación xa se ten en conta polo concello, e de feito, no camiño ao que fai referencia Arcadio, fíxose un pequeno canal para facilitar o desagüe. Non obstante, nalgúns casos isto non é posible ou suficiente, e en situacións de máxima pluviosidade pode desbordarse.

Agora ben, en ningún destes casos extraordinarios quedou ninguén incomunicado. Por outra banda, a única solución sería elevar moito o firme da estrada, o que non sería viable economicamente.

É máis frecuente que se corten as estradas pola neve, e sen embargo a ningún se lle ocorre que o Concello merque máquinas quitaneves para estes casos tan puntuais.

Insiste en que o estado das estradas é bo, a pesares da fortísima crise económica que sufrimos. E que temos que fixar moi ben as prioridades de gasto.

Polo tanto, anuncia que rexeitará esta moción de finalidade meramente propagandística.

O sr. Varela rexeita que a finalidade da moción sexa propagandístico. Afirmar que houbo zoas con problemas a raíz das chuvias. Tanto en Cela coma en Guillar (preto do González), durante un período de tempo o auga correu por riba do pavimento.

O problema neste caso é que se fixo mal o tramo de vía. Agora ben, este é unicamente un caso puntual dos moitos existentes.

A moción ten por obxecto recabar a atención do equipo de goberno sobor este problema para que se aporten solucións, non ten carácter propagandístico.

O sr. Arcadio sinala como o caso máis preocupante o de un veciño ao que se lle anega o garaxe, xa que as cunetas conducen o auga ate esa vertente.

O sr. Alcalde di coñecer ese caso concreto, se ben advirte que non se pode edificar en calquer sitio, xa que se edifica nun lugar que se anega periodicamente, o máis probable e que se anegue a edificación. E contra iso non caben solucións coma conter as augas cos viales ou outras construcións, xa que, ademáis do seu custe está o impacto ambiental. Neste caso podería levar a desecar a veiga de Bonxe, co conseguinte dano para a fauna e a flora.

Por outra banda, lamenta que nunha situación económica dramática coma a que vivimos, directamente producida polo mal goberno do PSOE, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, se adique a propoñer gastar os cartos en redactar plans e outras cousas semellantes, cando para coñecer a situación das pistas municipais non fai falla ningún plan, e cando as pistas municipais se manteñen en bo estado de conservación precisamente porque, cando xurde unha incidencia, se detecta e corríxe.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, queda rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos membros do Grupo Municipal do Partido Popular, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do BNG e PSdG-PSOE.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, da que eu, Secretario, levanto a presente acta.

En Outeiro de Rei, a 29 de decembro de 2009.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita.

Asdo.: José Pardo Lombao.